



MOAÑA

As orixes

De Cangas continuamos o noso percorrido pola costa cara a Moaña seguindo a estrada PO-551, alternativa moderna ao vello Camiño Real do Morrazo, que unía Cangas e Moaña, e que nos últimos anos se está recuperando como vía cicloturista. Para coñecer a historia do Morrazo e a esencia de Moaña é obrigado achegarse á parroquia de San Martiño pois foi, precisamente aquí, onde naceu orixinariamente Moaña.


A primeira referencia escrita que temos ao topónimo Morrazo aparece nun documento do ano 572 no que se cita o termo *Morrazio*. Uns 400 anos máis tarde fúndase, no que hoxe é o concello de Bueu o mosteiro bieito de Ermelo, ao que os veciños do Morrazo doan gran cantidade de terreos. Os monxes abren camiños que baixan dende Ermelo a San Martiño por Pouso das Cruces e a Paralaia para accederes ás súas novas propiedades. Ademais, o mosteiro de Ermelo afora terras en San Martiño de Moaña a condición de que se planten viñas, promovendo así o cultivo da vide na parroquia que daría orixe a Moaña.

Alén da importancia histórica de San Martiño na súa relación co mosteiro de Ermelo e o cultivo do viño no Morrazo, o templo románico destaca tamén pola súa decoración e valiosos canzorros. É nunha desta esculturas que adobían os aleiros do tellado onde podemos contemplar a representación dun home bebendo dunha pipa de viño. Cómpre tamén deterse a coñecer esta vila mariñeira da ría de Vigo. Unha ría que, como outras zonas da nosa costa, sufriu ao longo da súa historia os saqueos de corsarios ingleses, piratas berberiscos e as vagas de ataques viquingos. Estas conexións históricas levaron ao ilustre antropólogo sueco Steffan Mörling a estudar no Morrazo as similitudes construtivas entre a dorna galega e as embarcacións viquingas. Cada ano Moaña convértese nunha das mecas da música folk en Galicia coa celebración do histórico Festival Intercéltico do Morrazo.

Outro bo xeito de achegarse ao pasado histórico de Moaña é visitar o castro de Montealegre ou o magnífico dolmen de Chan da Arquíña, situado na importante área de lecer do monte Xaxán, espazo dotada de mesas, grellas e fontes. Un lugar ideal para pasar o día ou á tarde á sombra dun magnífico souto.

Gastronomía

A caldeirada de peixe é unha das formas tradicionais máis deliciosas nas que podemos gozar de como se preparara o peixe na costa. Esta sorte de guiso onde se mesturan produtos do mar e da horta, aderezados con especias como o pimentón, é un auténtico manxar e un signo de identidade da gastronomía mariñeira. Unha experiencia interesante é acompañar a caldeirada, por exemplo de rabada, cun tinto afroitado da nosa IXP, como pode ser un tinto da adega Areeiros, onde se combinan uvas de caíño tinto, mencia e sousón.



Que visitar?

En Moaña temos as seguintes alternativas:

- 1 Ruta de sendeirismo dos muiños da Fraga
- 2 Ruta do río Freixa e da Miñoaba.
- Castro de Montealegre
- Petróglifos de Pozo Garrido, Chan de Grixó, A Rega pequena, entre outros
- Chan da Arquíña e Faro de Domaio

Organiza a visita

Interactivo

Igrexa de San Martiño de Moaña
 Coordenadas: 42.285411, -8.749149
 Distancia dende San Salvador de Coiro:
 4km, tempo: 8 min



Pozo da Moura
 Coordenadas: 42.298094, -8.683615
 Distancia dende Moaña:
 8 km, tempo: 13 min

Moaña (vila)
 Coordenadas: 42.286835, -8.732780
 Distancia dende San Martiño de Moaña:
 3 km, tempo: 7 min

Sabías que?

Segundo a tradición galega, a primeira planta de vide que houbo en Galicia foi regalo dunha Moura. A Moura é o ser mítico máis importante do folclore galego, reminiscencia dunha antiga deidade da vida, o destino e a morte e ten tamén características de deusa civilizadora, de aí que lles outorgue aos seres humanos os dons necesarios para a vida. No concello de Moaña, na parroquia de Domaio, podemos visitar unha destas xeografías míticas onde habita a nosa Moura, referímonos á Poza da Moura. Segundo a tradición local, a Moura encantada que habita neste regato é metade muller e metade peixe, unindo así as connotacións telúricas da Moura coas mariñas da Serea. Un exemplo máis do carácter mariño e agrario destas terras do Morrazo e do seu viño. Ademais Domaio ofrece unhas espectaculares vistas sobre a ría de Vigo e a posibilidade de facer o roteiro circular da Ruta do río Freixa e da Miñoaba.



Ruta dos Viños
 OCEÁNICOS

